

	2021/2022
	Xunta de Galicia
	CPI CURROS ENRRÍQUEZ

**[PROGRAMACIÓN DE FRANCÉS. 1º 2º
ESO]**

FRANCÉS SEGUNDA LENGUA EXTRANJERA

ÍNDICE

PERFIL DO CENTRO.....	4
DEPARTAMENTO DE FRANCÉS, composición y situación COVID19.....	5
TEMPORALIZACIÓN POR TRIMESTRES	6
PROCEDEMIENTOS DA AVALIACIÓN.....	8
CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO.....	9
SISTEMA DE CUALIFICACIÓN DAS PRBAS E CRITERIOS DE PROMOCIÓN.....	11
SISTEMA DE RECUPERACIÓN DE PENDENTES.....	12
PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS E ATENCIÓN A DIVERSIDADE.....	13
ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS	
MATERIAL PEDAGÓXICO SELECCIONADA.....	14
ELEMENTOS DO CURRÍCULO E MARCO COMÚN DE REFERENCIA.....	15
11. PROPOSTA CURRICULAR CON PARACHUTE 1 E 2	
DESCRIPCIÓN DO MATERIAL.....	24
libro do alumno	
Caderno de exercicios (+ CD audio)	
Libro do profesor	
Material de audio para o profesor/a clase	
A versión dixital	
Recursos dixitais adicionais	
METODOLOXÍA DE PARACHUTE 1E 2: LIÑAS MESTRAS	
Comunicación	
Tratamento das competencias clave	
Proceso da avaliación	
PROGRAMACIÓN DOS CONTIDOS	
Unidade0 Unidade1 Unidade2 Unidade3 Unidade4 Unidade5 Unidade6	
TEMPORALIZACION DOS CONTOS A POR MENOR	
FERRAMENTAS PARA A AVALIACIÓN.	
Distintos formatos segundo as estratexias	
Avaliación das destrezas: indicadores de logro	
Bloque I – Comprensión de textos orais	Bloque II – Producción de textos orais: expresión e interacción
Bloque III – Comprensión de textos escritos	Bloque IV – Producción de textos escritos: expresión e interacc

- **PRESENTACIÓN DO PROXECTO**

1. PERFIL DO CENTRO

DATOS DO CENTRO

Centro CPI CURROS ENRIQUEZ

Enderezo: CARRETERA REDONDELA FOMELO, S/N

Localidade: PAZOS DE BORBEN

Provincia: PONTEVEDRA

CP: 36841

Teléfono: 886110501 Fax: 886110511

Correo electrónico de contacto: cpi.curros.enriquez.pazos@edu.xunta.es

PERFIL:

Centro rural que dispón de Aula avalar para os alumnos de 1º e 2º da ESO. Os recursos que dispón o centro están ben.

CARACTERÍSTICAS DOS ALUMNOS:

Medio rural con recursos económicos medio-baixo

RECURSOS DISPOÑIBLES:

Disponemos para 1º curso da eso de 2 aulas avalar e para 2º outras dúas. Ademais o alumnado de 1º da Eso empeza este ano co proxecto DIXGAL e dispondrán cada un dun ordenador portátil que para as clases de idioma nos vendrán moi ben polo que non precisaremos case nunca a aula de informática

O libro de texto é **Parachute 1** (livre et cahier d'exercices) e **Parachute 2** (livre et cahier d'exercices) da editorial SANTILLANA, trátase dun libro dixital polo que traballaremos moito co proxector e os ordenadores dos rapaces.

2. DEPARTAMENTO DE LINGUA ESTRANXEIRA:

DEPARTAMENTO DE FRANCÉS

O Departamento de Francés está composto, neste curso académico 2021-2022, por unha única PROFESORA:

Mónica Tasende Souto, profesora con destino definitivo neste centro de Educación Secundaria que imparte clases de Francés segunda lingua estranxeira en 1º, 2º, 3º e 4º da ESO e que exerce como *Xefa de Departamento*;

DISTRIBUCIÓN DO ALUMNADO DE FRANCÉS

Cursos	Nº de grupos	Nº de alumnos	Total
1º ESO	1	20	20
2º ESO	1	23	23
3º ESO	1	15	8
4º ESO	1	6	6
TOTAL	4		57

NÚMERO TOTAL DE HORAS PARA EL DEPARTAMENTO: 11 horas

SITUACIÓN COVID19

Recollidas na Instrucción do 30 de xullo de 2020 da Dirección Xeral de Educación para as medidas a adoptar para o curso 2021/2022

AVALIACIÓN INICIAL

O departamento de francés nas dúas primeiras semanas de clase fará a **avaliación inicial** con diferentes probas para avaliar as competencias pertinentes relativas para 2º da ESO e para 1º fará unas pruebas que se denominan seuil; e farase un informe.

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA.

Imos començar por **as aprendizaxes imprescindibles en 2º ESO do curso pasado**. Temos que dicir que o francés a tratarse dunha lingua estranxeira e utilizar a mesma editorial en 1º e 2º de ESO, e as aprendizaxes e competencias fásen sempre nas linguas reforzando sempre os contidos anteriores; por outra banda o ritmo do ano pasado foi moi bo e as clases foron sempre presenciáis.

Este ano o alumnado empeza coa programación LOMELOE polo que o curso rematará antes e aproveitarase o mes de xuño para traballar máis a comprensión e a expresión oral

Durante o primeiro mes informarase por si acaso ao alumnado dos tres posibles escenarios e das medidas, recursos e actividades que o departamento de francés desenvolverá para que podan ter unha boa aprendizaxe segundo a situación:

Actividades lectivas Presencial

Actividades Semipresencial

Actividades non presenciales Telemáticas e online. PLAN DE CONTIXENCIA (Ensino NON presencial)

O alumnado xa de 2 ESOI xa está familiarizado coas diferentes ferramentas tecnolóxicas e telemáticas:

Classroom

Moodle: O departamento utilizará esta como preferente.

Webex

Correo electrónico

Avalar Móvil

Seguiremos a traballalas e perfeccionalas, introducindo entre outras o **escaneado das tarefas** para unha mellor corrección; ANEE/NEAE: A tratarse dunha 2LE os estudantes con SNEE / NEAE XA non teñen esta materia

3. TEMPORALIZACIÓN DOS CONTIDOS

PARACHUTE 1 está previsto para cubrir 70 horas/sesións aproximadamente, impartidas con frecuencia de 2 horas semanais.

Por tanto, o método cunha distribución <<estándar>> dos seus contidos ao longo do curso podería ser a seguinte:

1º TRIMESTRE

Mínimo: 19 horas

Máximo: 25 horas

Unidade 0 Unidade 1 Unidade 2

Avaliación por competencias

2º TRIMESTRE

Mínimo: 17 horas

Máximo: 21 horas

Unidade 3 Unidade 4 Avaliación por competencias

3º TRIMESTRE

Mínimo: 17 horas

Máximo: 21 horas

Unidade 5 Unidade 6

Avaliación por competencias

4. PROCEDIMENTOS DE AVALIACIÓN:

A **avaliación** dos alumnos será **continua**, nun proceso no que a súa propia participación (a autoavaliación) terá un papel importante. Atenderase ó desenrolo de capacidades e ó esforzo e traballo individual e colectivo desenvolvido, así como á consecución dos obxectivos propostos.

Os procedementos de avaliación estarán en relación có logro da competencia comunicativa e o desenvolvemento e consecución das catro destrezas (comprensión e produción oral e comprensión e produción escritas) así como a reflexión sobre a lingua e os aspectos socioculturais. Nestos niveis de debutantes é elemental a avaliación formativa debe ser prioritaria. De todos os xeitos, dado que no contexto escolar é necesaria establecer unha avaliación sumativa, establecemos os seguintes criterios:

A **expresión oral** avaliarase na actividade de aula, nas interrelacións cós compañeiros e có profesor. Pode tamén establecerse unha proba específica individual, atendendo ós obxectivos de cada unidade: saber presentarse, decir onde se vive, falar da familia, etc, na que se avaliará a corrección formal, a pronunciación, a soltura, nunha palabra, a capacidade de que a mensaxe se transmita correctamente.

A **comprensión oral** avaliarase cunha proba de escoita ou na actividade de aula, tratando de comprobar a capacidade de comprensión sobre os temas das unidades: relacionar datos e imaxes, completar cadros verdadeiro-falso, situar obxectos no espacio, identificar obxectos ou imaxes, identificar e saber responder ás mensaxes do profesor ou dos compañeiros.

A **comprensión escrita** avaliarase tamén con exercicios simples nos que a presenza da imaxe aporte unha información clara: descubrir erros, completar imaxes, sinalar personas ou obxectos a partir do texto, ordenar diálogos, datos, etc.

A **expresión escrita** avaliarase con exercicios simples a través dun modelo (enquisa, pregunta-resposta, fichas,...), redacción de textos sinxelos (descripcións, cartas de presentación,...).

A **reflexión sobre a lingua** avaliarase tamén con exercicios simples de pregunta-resposta, encher ocos, separar palabras, completar frases a partir de imaxes, etc.

5. CRITERIOS DE CALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO

Os criterios de cualificación fixados polo Departamento de FRANCÉS para este curso son e tendo en conta a situación de Covid19 dende marzo de 2020:

Ningún alumno obterá un aprobado na avaliación da materia si o resultado obtido nos exames de gramática e vocabulario é inferior a **3,25 para o primeiro ciclo e para o segundo ciclo será de 3,5.**

A primeira avaliación suspensa será recuperada si se supera a segunda avaliación e a segunda si se aproba a terceira.

Dúas avaliacións suspensas significan que farase un exame cos contidos do todo o curso na 3ª avaliación. Se o alumno segue a suspender terá aún unha posibilidade máis coa proba que se realizará na avaliación final.

Na Avaliación Final o alumno fará un examen de recuperación dos contenidos mínimos de cada trimestre (70%) e levará para traballar na casa unha serie de exercicios (30%) que terá que entregar ó profesor. De non poderse realizar a proba presencial, por culpa da pandemia ou enfermidade, esta proba poderase facer telemáticamente e, se por as circunstancias de forza mayor e xustificadas, non poíse facer dita proba; entón poderíase avaliar únicamente tendo en conta as tarefas mandadas para a casa e entregadas o professor: pasando do 30% da nota ao 100%

De non superar a avaliación final, o alumno terá a materia suspensa e terá que presentarse ás probas de pendentos que se realizarán o seguinte curso.

MATERIAS PENDENTES

Para superar a **materia pendiente** de cursos anteriores os alumnos deberán aprobar os dous exames que se farán durante o curso escolar. De non ser así, a 1º avaliación suspensa será recuperada si se supera a 2º avaliación. Se o alumno suspende en MAIO, terá que facer a proba extraordinaria de xuño. **De maneira extraordinaria**, e se o departamento o considera oportuno, os alumnos poderán aprobar a materia pendiente se superan a materia do curso no que estean matriculados, sempre e cando non obteñan unha nota inferior a tres na materia pendiente.

Os exames escritos, redaccións e outras actividades por escrito que sexan avaliábeis, deberán ser presentados en unha linguaxe lexible, de non ser así, poderían ser rechazados, considerados suspensos ou terían que repetirse.

A nota final da materia será a suma dos exames de gramática e vocabulario (bloque 5), comprensión oral e escrita (bloques 1 e 3) e expresión oral e escrita (bloques 2 e 4) e do control do traballo diario (lecturas, cahier d'exercices, redaccións, traducións, deberes, presentacións, participación, colaboración na clase, actitude correcta e positiva,...), segundo os porcentaxes acordados polo departamento para cada un dos niveis da ESO, que poden observarse na tabla que aparece a continuación no apartado "Cualificación das probas".

Para proceder ao redondeo da nota obtida trala suma dos conceptos anteriores, terase en conta a realización diaria das tarefas de aula e das tarefas de casa, o caderno de clase, o uso do francés na aula e a participación activa.

Para promocionar na asignatura, o alumno deberá dominar os mínimos exigibles da programación e que podrá acadar nas diferentes avaliacións realizadas o longo dos trimestres nas diferentes probas.

Os alumnos teñen a obriga de realizar todas as probas nas datas acordadas. En caso de ausencia dun alumno a un exame, éste podería facelo outro día, sempre e cando a ausencia sexa xustificada cun xustificante legal.

6. SISTEMA DE CUALIFICACION DAS PROBAS E CRITERIOS DE CORRECCIÓN

SISTEMA DE CUALIFICACIÓN DAS PROBAS

1º e 2º DA ESO

CONTIDOS AVALIADOS	AVALIACIÓNS PARCIAIS	AVALIACIÓN FINAL
Expresión oral + Comprensión oral	35%	35%
Expresión escrita + Comprensión escrita+ gramática + vocabulario	35%	35%
Comportamento e traballo persoal	30%	
TAREFAS		30%
	100%	100%

CRITERIOS DE CORRECCIÓN DAS PROBAS

CRITERIOS DE CORRECCIÓN DAS PROBAS DE COMPRENSIÓN.

Para a cualificación das probas de **comprensión oral e comprensión escrita** non se terán en conta os erros ortográficos ou de expresión sempre que a resposta sexa comprensible.

CRITERIOS DE CORRECCIÓN DAS PROBAS DE EXPRESIÓN ORAL

Na cualificación das probas de **expresión oral** valorarase a variedade léxica e de estruturas sintáctico-discursivas empregadas, a coherencia, a cohesión, a pronunciación, a fluidez e a comprensión do discurso.

CRITERIOS DE CORRECCIÓN DA EXPRESIÓN ESCRITA

Para a corrección das probas de expresión escrita valorarase a adecuación á tarefa requirida (carta, e-mail, entrada de blog, composición, rellenar huecos, correcta ortografía), a relevancia do contido e rexistro esixido pola mesma. No caso de que a adecuación sexa nula, é dicir, que a resposta do alumno non teña nada que ver coa tarefa requirida, os demais criterios non serán aplicables.

Asemade terase en conta a coherencia e a cohesión da información e das ideas mantendo a liña discursiva, organizándoa en parágrafos mediante o uso adecuado de conectores discursivos. Terase en conta tamén a variedade e a precisión da información, do léxico e das estruturas empregadas así como a corrección gramatical (estruturas verbais e nominais, dominio no uso dos tempos adecuados á tarefa), corrección léxica e ortográfica aínda que pode haber pequenos erros que non impidan a comprensión.

7. SISTEMA DE RECUPERACIÓN DE PENDENTES:

Os alumnos que teñan a asignatura pendente doutro ano terán que realizar como se indica no punto 3 os dous exames (leer punto 3 da programación) pero o profesor poderá optar tamén a realización dunha proba única dun

traballo da lectura dun libro (lectura + resume do libro + actividades de comprensión + opinión persoal) isto será elixido polo departamento de francés o comenzo do curso

MÍNIMOS ESIXIBLES

Compresión do esencial de mensaxes orais e escritas sinxelas en situacións de aula ou sobre temas familiares tratados previamente.

Producción de mensaxes orais e escritas sinxelas para formular informacións, intencións e necesidades básicas.

Recoñecemento do erro como parte inherente ó propio proceso de aprendizaxe, utilízalo para mellorar.

Enfrontamento ás novas dificultades que xurden na comunicación sen renunciar a comunicarse.

Actitude responsable na realización de tarefas e no coidado e presentación do material de traballo.

Colaboración nos traballos de grupo e respecto das opinións dos compañeiros.

Actitude positiva en clase e cara a aprendizaxe do francés.

8. PROGRAMA DE ACTIVIDADES ESCOLARES E COMPLEMENTARIAS. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

1.2.1 Medidas previstas para estimular o interese e o hábito da lectura e da comprensión escrita e oral: Plan lector Francés.

Dentro da competencia clave lingüística, a comprensión de textos escritos non debería limitarse á lectura dos textos proporcionados polo método, nin tampouco aos textos que o método convida a buscar a modo de documentación. A lectura de textos máis extensos, de obras creadas para fomentar o pracer de ler debe formar parte da aprendizaxe: por unha banda, ler <<historias>> permitiralles aos alumnos comprobar que o que aprenderon ten un sentido real fóra da aula e motivaraos. E por outro, comprobarán que a lingua estranxeira non só é útil, senón que pode ser fonte de goce. Por iso o departamento propón a visualización de películas en francés con subtítulos en español para o primeiro e segundo trimestre para o final do 3º trimestre como xa están cansos proponemos a decoración de pratos ou bandeixas con motivos francófonos

A partir do final do primeiro trimestre: *HORTON (1º) LES VISITEURS (2º)*

A partir do final do segundo trimestre: *TINTIN ET LE PETIT NICOLAS (1º, 2º)*

Ao final do ano, decoración de pratos, bandexas etc con recortes de imaxes francófonas.

A posibilidade de asistir á visualización dunha peza de teatro en francés.

1.2.2 Plan de reforzo e recuperación

O segundo plan recomendable é o relacionada coa avaliación continua e formativa. En calquera momento da aprendizaxe, antes de que se enquite calquera posible problema e polo menos despois de cada avaliación, os alumnos deberían de seguir un plan de reforzo das súas competencias, de <<remediación>> dos seus puntos fracos: este poderase construír, a nivel individual ou colectivo, a partir do BANCO DE ACTIVIDADES contido no XERADOR DE AVALIACIÓNS.

1.2.3 Plan para a diversidade

- Os vídeos que están incrustados na VERSIÓN DIXITAL de PARACHUTE.
- Os recursos adicionais <<PLUS>>:
 - BANCO DE IMAXES DIXITAIS, para facer mil xogos ou actividades creativas baseadas en vocabulario;
 - XOGOS PARA TBI, para repasar de maneira lúdica os contidos de vocabulario e gramática;
 - CANCIÓNS TRADICIONAIS, con karaoke, para traballar a fonética e compartir cos nenos franceses un legado sociocultural imprescindible;
 - FICHAS INTERDISCIPLINARES, para ver como se poden descubrir temas doutras materias en francés.

9. ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS PREVISTAS

Plan LECTOR Français: Os alumnos terán a súa disposición libros de nivel A1 en francés na BIBLIOTECA

Plan o **CINE Francés** na aula: os alumnos/as visualizarán amo menos 2 películas francófonas

Plan Viaxa: Posible viaxe a París

10. MATERIAL PEDAGÓXICO SELECCIONADO

Libro e cahier déxercices Parachute 1 e 2

Fotocopias de ampliación

Videos y blog didácticos en Youtube

Películas, xogos e cancións

11. .REFERENCIAS: ELEMENTOS DO CURRÍCULO E MARCO COMÚN EUROPEO DE REFERENCIA PARA AS LINGUAS

A Lei Orgánica para a Mellora da Calidade Educativa define currículo como a regulación dos elementos que determinan os procesos de ensino e aprendizaxe para cada unha das ensinanzas. Especifica ademais que estará integrado polos seguintes elementos: obxectivos, competencias, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe avaliábeis e metodoloxía didáctica.

. OBXECTIVOS DE CICLO E CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Os obxectivos expostos para o primeiro ciclo da ESO na área de segunda lingua estranxeira tradúcense nun currículo básico que, integrando todos os aspectos que conforman a comunicación lingüística, se estrutura en catro bloques correspondentes ás distintas actividades da lingua, tal como estas se describen no MCER: comprensión e produción (expresión e interacción) de textos orais e escritos.

Os contidos previstos concrétanse en criterios de avaliación, que son referentes específicos para avaliar a aprendizaxe do alumnado. Describen aquilo que se quere valorar e que os alumnos deben lograr, tanto en coñecementos como en competencias; responden ao que se quere conseguir en cada materia.

No relativo á competencia comunicativa, que constitúe o corazón da materia segunda lingua estranxeira, os criterios de avaliación para o 1º ciclo da ESO (BOE do 3 de xaneiro de 2015) son os seguintes.

Bloque 1. Comprensión de textos orais

Identificar o sentido xeral, os puntos principais e a información máis importante en textos orais breves e ben estruturados, transmitidos de viva voz ou por medios técnicos e articulados a velocidade lenta, nun rexistro formal, informal ou neutro, e que versen sobre asuntos habituais en situacións cotiás ou sobre aspectos concretos de temas xerais ou do propio campo de interese nos ámbitos persoal, público, e educativo, sempre que as condicións acústicas non distorsionen a mensaxe e se poida volver escoitar o devandito.

Coñecer e saber aplicar as estratexias máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, os puntos principais ou a información máis importante do texto.

Coñecer e utilizar para a comprensión do texto os aspectos socioculturais e sociolingüísticos relativos á vida cotiá (hábitos de estudo e de traballo, actividades de lecer), condicións de vida e contorna, relacións interpersoais (entre homes e mulleres, no centro educativo, no ámbito público), comportamento (xestos, expresións faciais, uso da voz, contacto visual), e convencións sociais (costumes, tradicións).

Distinguir a función ou funcións comunicativas máis relevantes do texto (p. ex. unha petición de información, un aviso ou unha suxestión) e un repertorio dos seus expoñentes máis frecuentes, así como patróns discursivos de uso común relativos á organización textual (introdución do tema, cambio temático e peche textual).

Aplicar á comprensión do texto os coñecementos sobre os constituíntes e a organización de patróns sintácticos e discursivos de uso frecuente na comunicación oral, así como os seus significados xerais asociados (p. ex. estrutura interrogativa para facer unha suxestión).

Recoñecer léxico oral de uso frecuente relativo a asuntos cotiás e a aspectos concretos de temas xerais ou relacionados cos propios intereses ou estudos, e inferir do contexto, con apoio visual, os significados de palabras e expresións que se descoñecen.

Discriminar patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso frecuente, e recoñecer os significados e intencións comunicativas xerais relacionados cos mesmos.

Bloque 2. Producción de textos orais: expresión e interacción

Producir textos breves e suficientemente comprensibles, tanto en conversacións cara a cara como por teléfono ou outros medios técnicos, nun rexistro neutro ou informal, cunha linguaxe moi sinxela, en que se dá, solicita e intercambia información sobre temas cotiáns e asuntos coñecidos ou de interese persoal e educativo, aínda que se produzan interrupcións ou vacilacións, se fagan necesarias as pausas e a reformulación para organizar o discurso e seleccionar expresións, e o interlocutor teña que solicitar que se lle repita ou reformule o devandito.

Coñecer e saber aplicar as estratexias máis adecuadas para producir textos orais breves en forma de monólogo ou de diálogo e de estrutura moi simple e clara, utilizando, entre outros, procedementos como a adaptación da mensaxe aos recursos de que se dispón, ou a reformulación ou explicación de elementos.

Incorporar á produción do texto oral en forma de monólogo ou de diálogo os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos adquiridos relativos a relacións interpersoais, comportamento e convencións sociais, actuando coa suficiente propiedade e respectando as normas de cortesía máis importantes nos contextos respectivos.

Levar a cabo as funcións principais demandadas polo propósito comunicativo, utilizando os expoñentes máis frecuentes das devanditas funcións e os patróns discursivos sinxelos de uso máis común para organizar o texto.

Mostrar control sobre un repertorio limitado de estruturas sintácticas de uso frecuente e de mecanismos sinxelos de cohesión e coherencia (repetición léxica, elipses, deíxe persoal, espacial e temporal, xustaposición, e conectores e marcadores conversacionais de uso moi frecuente).

Coñecer e utilizar un repertorio léxico oral suficiente para comunicar información e opinións breves, sinxelas e concretas, en situacións habituais e cotiáns. Pronunciar

e entoar de maneira suficientemente comprensible, aínda que resulte evidente o acento estranxeiro, se cometan erros de pronuncia esporádicos, e os interlocutores teñan que solicitar repeticións ou aclaracións. Manexar frases curtas e fórmulas para desenvolverse de maneira suficiente en breves intercambios en situacións habituais e cotiás, aínda que haxa que interromper o discurso para buscar palabras ou articular expresións e para reparar a comunicación. Interactuar de maneira simple en intercambios claramente estruturados, utilizando fórmulas ou xestos simples para tomar ou manter a quenda de palabra, aínda que poidan darse desaxustes na adaptación ao interlocutor.

Bloque 3: Comprensión de textos escritos

Identificar a idea xeral, os puntos máis relevantes e información importante en textos, tanto en formato impreso como en soporte dixital, breves e ben estruturados escritos nun rexistro neutro ou informal, que traten de asuntos habituais en situacións cotiás, de aspectos concretos de temas de interese persoal ou educativo, e que conteñan estruturas sinxelas e un léxico de uso frecuente.

Coñecer e saber aplicar as estratexias máis adecuadas para a comprensión da idea xeral, os puntos máis relevantes e información importante do texto. Coñecer, e utilizar para a comprensión do texto, os aspectos socioculturais e sociolingüísticos relativos á vida cotiá (hábitos de estudo e de traballo, actividades de lecer, condicións de vida e contorna, relacións interpersoais (entre homes e mulleres, no centro educativo, no ámbito público), e convencións sociais (costumes, tradicións).

Distinguir a función ou funcións comunicativas máis importantes do texto e un repertorio dos seus expoñentes máis frecuentes, así como patróns discursivos sinxelos de uso común relativos á organización textual (introdución do tema, cambio temático e peche textual).

Aplicar á comprensión do texto os constituíntes e a organización de estruturas sintácticas de uso frecuente na comunicación escrita, así como os seus significados xerais asociados (p. ex. estrutura interrogativa para facer unha suxestión).

Recoñecer léxico escrito de uso frecuente relativo a asuntos cotiáns e a aspectos concretos de temas xerais ou relacionados cos propios intereses ou estudos, e inferir do contexto, con apoio visual, os significados de palabras e expresións que se descoñecen.

Recoñecer as principais convencións ortográficas, tipográficas e de puntuación, así como abreviaturas e símbolos de uso común (p. ex. , %,), e os seus significados asociados.

Bloque 4: Producción de textos escritos: expresión e interacción

Escribir, en papel ou en soporte dixital, textos breves, sinxelos e de estrutura clara sobre temas habituais en situacións cotiás ou do propio interese, nun rexistro neutro ou informal, utilizando recursos básicos de cohesión, as convencións ortográficas básicas e os signos de puntuación máis frecuentes.

Coñecer e aplicar estratexias adecuadas para elaborar textos escritos breves e de estrutura simple, p. ex. copiando formatos, fórmulas e modelos convencionais propios de cada tipo de texto.

Incorporar á produción do texto escrito os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos adquiridos relativos a relacións interpersoais, comportamento e convencións sociais, respectando as normas de cortesía e de etiqueta máis importantes nos contextos respectivos.

Levar a cabo as funcións demandadas polo propósito comunicativo, utilizando os expoñentes máis frecuentes das devanditas funcións e os patróns discursivos de uso máis habitual para organizar o texto escrito de maneira sinxela.

Mostrar control sobre un repertorio limitado de estruturas sintácticas de uso frecuente, e empregar para comunicarse mecanismos sinxelos ou bastante axustados ao contexto e á intención comunicativa (repetición léxica, elipses, deíxe persoal, espacial e temporal, xustaposición, e conectores e marcadores discursivos moi frecuentes).

Coñecer e utilizar un repertorio léxico escrito suficiente para comunicar informacións breves, simples e directas en situacións habituais e cotiás. Coñecer e aplicar, de maneira suficiente, para que a mensaxe principal quede clara, os signos de puntuación elementais (p. ex. punto, coma) e as regras ortográficas básicas (p. ex. uso de maiúsculas e minúsculas), así como as convencións ortográficas frecuentes na redacción de textos moi breves en soporte dixital.

- **COMPETENCIAS CLAVE**

A LOMCE lembra que o Consello Europeo reunido en Barcelona en 2002 recolle entre as súas conclusións a necesidade de coordinar esforzos a favor dunha economía competitiva baseada no coñecemento, e insta os Estados membros da Unión Europea a desenvolver accións educativas conducentes á mellora do dominio das competencias clave, en particular mediante o ensino de polo menos dúas linguas estranxeiras desde unha idade moi temperá. No mesmo sentido, e en relación coa aprendizaxe ao longo da vida, o Consello de Europa sinala que a finalidade da educación lingüística no mundo de hoxe non debe ser tanto o dominio dunha ou máis segundas linguas tomadas illadamente, como o desenvolvemento dun perfil plurilingüe e intercultural integrado por competencias diversas en distintas linguas e a diferentes niveis, en función dos intereses e necesidades cambiantes do individuo. Así, para fomentar e facilitar a construción dun repertorio plurilingüe e intercultural, os currículos das etapas da ESO e do Bacharelato inclúen, con carácter específico, a materia de segunda lingua estranxeira. Seguindo o sistema descritivo do Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas (MCERL), o currículo de segunda lingua estranxeira correspondente a estas etapas recolle os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe avaliáveis que articularán a materia, co fin de que o alumnado poida desenvolver no segundo idioma que escollese, en sinerxía cos ensinos da segunda lingua estranxeira na etapa de Educación Primaria, as competencias clave que lle permitan desenvolverse no devandito idioma con sinxeleza, pero con suficiencia, nas situacións máis habituais en que poida atoparse nos ámbitos persoal, público, educativo e ocupacional.

De modo que a competencia de comunicación en lingua estranxeira é de seu unha competencia clave.

Pero, pola súa propia natureza, a materia de lingua estranxeira permite, de maneira transversal, axudar ao desenvolvemento das demais competencias clave e contribuír ao desenvolvemento dos alumnos como persoas, estudantes, cidadáns e profesionais. As competencias garantirán a aprendizaxe ao longo de toda a vida das persoas, cuxo proceso non debe deterse nas etapas obrigatorias da súa educación.

Segundo a recomendación do Parlamento Europeo e do Consello do 18 de decembro de 2006 sobre as competencias clave para a aprendizaxe permanente, identificáronse as seguintes competencias:

Comunicación lingüística

A competencia en comunicación lingüística é o resultado da acción comunicativa dentro de prácticas sociais determinadas, nas cales o individuo actúa con outros interlocutores e a través de textos en múltiples modalidades, formatos e soportes. Con distinto nivel de dominio e formalización especialmente en lingua escrita, esta competencia significa, no caso das linguas estranxeiras, poder comunicarse nalgunha delas e así enriquecer as relacións sociais e desenvolverse en contextos distintos ao propio. Igualmente, favorécese o acceso a máis e diversas fontes de información, comunicación e aprendizaxe.

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

A competencia matemática e as competencias básicas en ciencia e tecnoloxía inducen e fortalecen algúns aspectos esenciais da formación das persoas que resultan fundamentais para a vida. Nunha sociedade onde o impacto das matemáticas, as ciencias e as tecnoloxías é determinante, a consecución e sustentabilidade do benestar social esixe condutas e toma de decisións persoais estreitamente vinculadas á capacidade crítica e visión razoada e razoable das persoas. A iso contribúen a competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía: a) A competencia matemática implica a capacidade de aplicar o razoamento matemático e as súas ferramentas para describir, interpretar e predicir distintos fenómenos no seu contexto. A competencia matemática require de coñecementos sobre os números, as medidas e as estruturas, así como das operacións e as representacións matemáticas, e a comprensión dos termos e conceptos matemáticos.

As competencias básicas en ciencia e tecnoloxía son aquelas que proporcionan un achegamento ao mundo físico e á interacción responsable con el desde accións, tanto individuais como colectivas, orientadas á conservación e mellora do medio natural, decisivas para a protección e mantemento da calidade de vida e o progreso dos pobos. Estas competencias contribúen ao desenvolvemento do pensamento científico, pois inclúen a aplicación dos métodos propios dan racionalidade científica e as destrezas tecnolóxicas, que conducen á adquisición de coñecementos, o contraste de ideas e a aplicación dos descubrimentos ao benestar social. As competencias en ciencia e tecnoloxía capacitan a cidadáns responsables e respectuosos que desenvolven xuízos críticos sobre os feitos científicos e tecnolóxicos que se suceden ao longo dos tempos, pasados e actuais. Estas competencias han de capacitar, basicamente, para identificar, expor e resolver situacións da vida cotiá –persoal e social– analogamente a como se

actúa fronte aos retos e problemas propios das actividades científicas e tecnolóxicas.

Competencia dixital

A competencia dixital é aquela que implica o uso creativo, crítico e seguro das tecnoloxías da información e a comunicación para alcanzar os obxectivos relacionados co traballo, a empregabilidade, a aprendizaxe, o uso do tempo libre, e a inclusión e participación na sociedade. Esta competencia supón, ademais da adecuación aos cambios que introducen as novas tecnoloxías na alfabetización, a lectura e a escritura, un conxunto novo de coñecementos, habilidades e actitudes necesarias hoxe en día para ser competente nunha contorna dixital. Require de coñecementos relacionados coa linguaxe específica básica: textual, numérica, icónica, visual, gráfica e sonora, así como as súas pautas de decodificación e transferencia. Isto leva ao coñecemento das principais aplicacións informáticas. Supón tamén o acceso ás fontes e ao procesamento da información; e o coñecemento dos dereitos e as liberdades que asisten ás persoas no mundo dixital.

Aprender a aprender

A competencia de aprender a aprender é fundamental para a aprendizaxe permanente que se produce ao longo da vida e que ten lugar en distintos contextos formais, non formais e informais. Esta competencia caracterízase pola habilidade para iniciar, organizar e persistir na aprendizaxe. Isto esixe, en primeiro lugar, a capacidade para motivarse por aprender. Esta motivación depende de que se xere a curiosidade e a necesidade de aprender, de que o estudante se sinta protagonista do proceso e do resultado da súa aprendizaxe e, finalmente, de que chegue a alcanzar as metas de aprendizaxe propostas e, con iso, que se produza nel unha percepción de autoeficacia. Todo o anterior contribúe a motivalo para abordar futuras tarefas de aprendizaxe. En segundo lugar, en canto á organización e xestión da aprendizaxe, a competencia de aprender a aprender require coñecer e controlar os propios procesos de aprendizaxe para axustalos aos tempos e ás demandas das tarefas e actividades que conducen á aprendizaxe. A competencia de aprender a aprender desemboca nunha aprendizaxe cada vez máis eficaz e autónoma.

Competencias sociais e cívicas

As competencias sociais e cívicas implican a habilidade e capacidade para utilizar os coñecementos e actitudes sobre a sociedade, entendida desde as diferentes perspectivas, na súa concepción dinámica, cambiante e complexa, para interpretar fenómenos e problemas sociais en contextos cada vez máis diversificados; para elaborar respostas, tomar decisións e resolver conflitos, así como para interactuar con outras persoas e grupos conforme a normas baseadas no respecto mutuo e en conviccións democráticas. Ademais de incluír accións a un nivel máis próximo e mediato ao individuo como parte dunha implicación cívica e social. Trátase, por tanto, de axuntar o interese por profundar e garantir a participación no funcionamento democrático da sociedade, tanto no ámbito público como privado, e preparar as persoas para exercer a cidadanía democrática e participar plenamente na vida cívica e social grazas ao coñecemento de conceptos e estruturas sociais e políticas e ao compromiso de participación activa e democrática.

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor

A competencia sentido de iniciativa e espírito emprendedor implica a capacidade de transformar as ideas en actos. Iso significa adquirir conciencia da situación a intervir ou resolver, e saber elixir, planificar e xestionar os coñecementos, destrezas ou habilidades e actitudes necesarios con criterio propio, co fin de alcanzar o obxectivo previsto. Esta competencia está presente nos ámbitos persoal, social, escolar e laboral en que se moven as persoas, e permítelles o desenvolvemento das súas actividades e o aproveitamento de novas oportunidades. Constitúe igualmente o cimento doutras capacidades e coñecementos máis específicos, e inclúe a conciencia dos valores éticos relacionados. A adquisición desta competencia é determinante na formación de futuros cidadáns emprendedores, e contribúe así á cultura do emprendemento. Neste sentido, a súa formación debe incluír coñecementos e destrezas relacionados coas oportunidades de carreira e o mundo do traballo, a educación económica e financeira ou o coñecemento da organización e os procesos empresariais, así como o desenvolvemento de actitudes que leven un cambio de mentalidade que favoreza a iniciativa emprendedora, a capacidade de pensar de forma creativa, de xestionar o risco e de manexar a incerteza.

Conciencia e expresións culturais

A competencia en conciencia e expresión culturais implica coñecer, comprender, apreciar e valorar con espírito crítico, cunha actitude aberta e respectuosa, as

diferentes manifestacións culturais e artísticas, utilízalas como fonte de enriquecemento e goce persoal e considéralas como parte da riqueza e patrimonio dos pobos. Esta competencia incorpora tamén un compoñente expresivo referido á propia capacidade estética e creadora e ao dominio daquelas capacidades relacionadas cos diferentes códigos artísticos e culturais, para poder utilízalas como medio de comunicación e expresión persoal. Implica igualmente manifestar interese pola participación na vida cultural e por contribuír á conservación do patrimonio cultural e artístico, tanto da propia comunidade como doutras.

2.3. METODOLOXÍA

O currículo básico proposto pola LOMCE, que recolle as recomendacións do Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas, está orientado á acción, é dicir, a desenvolver no alumnado a capacidade de integrar e de pór en xogo as actitudes, os coñecementos e as destrezas que lle permitan comunicarse en situacións específicas no mundo real. Esta capacidade para a comunicación efectiva en contextos reais supón, en primeiro lugar, considerar a lingua como algo que se fai e que se aprende a facer, antes que como algo que se estuda e simplemente se sabe. A comunicación no mundo real require, así mesmo, abordar a aprendizaxe, o ensino e a avaliación a partir do texto como unha unidade, en que se materializan conxuntamente todos os aspectos que nunha análise máis teórica da lingua adoitan tratarse por separado e como compoñentes illados. Sen que o enfoque orientado á acción desatenda en ningún momento a análise, o estudo e a práctica das distintas competencias que capacitarán o alumnado para construír e decodificar textos, non debe esquecerse que son as actividades de comprensión e produción dos devanditos textos, en determinados contextos, o que constitúe a acción comunicativa lingüística real. Por todo iso, e para que o alumnado poida facer un uso da lingua que responda eficazmente ao reto comunicativo, é conveniente que tanto a análise e a reflexión sobre a lingua como o seu estudo e a súa práctica se deriven do que o texto oral ou escrito demande en cada caso, e que tanto o traballo realizado na aula como na aprendizaxe autónoma teñan como referencia os textos que os alumnos haberán de ser capaces de comprender e de producir, de maneira que as accións pedagóxicas e as tarefas de aprendizaxe, aínda que son diversas e motivadoras, teñan sempre como característica común a contribución á consecución dos obxectivos específicos que establecen os estándares de aprendizaxe avaliábeis para cada conxunto de actividades lingüísticas na etapa respectiva.

AVALIACIÓN

A avaliación está no corazón do currículo proposto pola LOMCE, como se desprende da propia tipificación dos contidos: cada un dos catro bloques de contidos comprende, para cada conxunto de actividades, os **criterios de avaliación** e os **estándares de aprendizaxe avaliáveis**, entre os que existe unha relación non unívoca debido á especial natureza da actividade lingüística; isto supón que, para avaliar o grao de adquisición das diversas competencias necesarias para levar a cabo as accións recollidas en cada un dos estándares de aprendizaxe, haberán de aplicarse todos e cada un dos criterios de avaliación descritos para a actividade correspondente; á súa vez, dos estándares de aprendizaxe haberán de derivarse os correspondentes contidos competenciais (estratéxicos, socioculturais e sociolingüísticos, funcionais, sintáctico-discursivos, léxicos, fonético-fonolóxicos, e ortográficos) cuxo grao de consecución se avaliará coa aplicación dos criterios respectivos.

A LOMCE (artigo 2) define os estándares de aprendizaxe avaliáveis como concrecións dos criterios de avaliación que permiten definir os resultados das aprendizaxes e concretan mediante accións o que o alumno debe saber e saber facer en cada materia. Deben permitir graduar o rendemento ou logro alcanzado. Teñen que ser observables, medibles e avaliáveis, xa que contribúen e facilitan o deseño de probas estandarizadas e comparables.

13. PROPOSTA CURRICULAR CON PARACHUTE 1 E 2

3.1. DESCRICIÓN DO MATERIAL DIDÁCTICO DO LIBRO UTILIZADO

3.1.1. Libro do alumno

Estrutura do manual

O libro do alumno componse de 6 unidades, precedidas da unidade 0 de sensibilización/reactivación dos coñecementos. Estas unidades veñen completadas por dúas seccións finais de consulta.

UNIDADE 0

- 4 páxinas que presentan contidos elementais para comezar o ano sen dificultade (alfabeto, números, saúdos...).

- A unidade comeza como as demais por:

- enunciado dos obxectivos, para que o alumno sinta desde o principio que vai tomar as rendas da súa aprendizaxe.

- actividades para descubrir o vocabulario de base, de forma oral.

6 UNIDADES

- Para todas a mesma estrutura, que constitúe un verdadeiro percorrido de aprendizaxe: 4 leccións, unha revisión/avaliación/unha tarefa final.

CADA 2 UNIDADES: <<VERS LE DELF>>

- Unha avaliación completa por competencias, seguindo o formato dos exames do DELF.

- Poderá constituír unha avaliación sumativa ao finalizar o trimestre.

APÉNDICES

- Transcrición de todos os documentos gravados, contextualizados polas ilustracións das unidades.

- Resumo gramatical.

- Conxugacións.

- Fonética.

Estrutura dunha unidade e enfoque pedagóxico

Apertura

Contrato de aprendizaxe e motivación

-A primeira páxina de cada unidade leva un contrato de aprendizaxe que se verá cos alumnos. Presenta os obxectivos de comunicación das diferentes leccións da unidade.

- Este contrato mostra de forma clara a tarefa que haberá que realizar ao terminar a unidade e dotaraa dun sentido práctico.

Vocabulario

- Para arrincar descóbrese o vocabulario principal dunha forma activa.
- Para entrar en materia de forma motivadora: escoita do vocabulario e reutilización sinxela.

LECCIÓN ESTRUCTURA

Páxina esquerda: descubrimento dos contidos comunicativos

- Comprensión oral
 - Os contidos preséntanse nun contexto ricamente ilustrado que favorece a comprensión e a asimilación, consciente ou inconsciente, de elementos socioculturais. Fotos e/ou debuxos varían en función dos temas, das situacións e intencións.
 - Os textos gravados adáptanse ao nivel, pero gardan as características dos auténticos: ruído de fondo, pronuncia, expresividade.
 - Teñen diferentes formatos e correspóndense con diversos tipos de discursos (continuo ou en interacción): diálogos, entrevistas, programas radiofónicos, anuncios publicitarios...).
 - Tense como obxectivo unha comprensión esencialmente global e que deixa moita marxe á intuición.
- Pronuncia, na <<Boîte à sons>>
- A programación céntrase nos sons <<difíciles>> do francés.
- Con estes sons constrúense frases inventadas. Non se trata de analizalos, senón de escoitalos e repetilos a continuación como se se tratase dun trabalinguas.

- A súa ilustración e o seu modo de gravalos teñen como obxectivo lograr que esta práctica sexa particularmente lúdica e eficaz.
- Asimilación dos contidos
- Nestas páxinas a aprendizaxe farase en gran parte por impregnación, de forma dinámica e sen análise.
- Con todo, os alumnos están convidados, ao final da páxina, a que consideren e recapitulen o que descubriron ao longo das actividades. Por iso, as rúbricas <<Mémorise>> reenvían a frases e expresións, resaltadas en fondo azul, que van unidas a un acto de fala importante.

Páxina da dereita: «J’observe et j’analyse», «je m’entraîne»

- **Descubrimento activo da gramática**
- Un novo contexto (unido ao da páxina anterior): un documento gravado, un xogo...
- Un cadro que resalta as diferenzas entre o oral e escrito e que resume as regras.
- Integrada nese cadro, *Madame Réflexion* guía a análise e convida a comparar con outras linguas coñecidas.
- Producción
- Reutilización guiada.
- Expresión persoal: <<À toi!>>.
- Asimilación dos contidos e produción
- O enfoque poderá variar dependendo do profesor e da clase. En primeiro lugar, observación do documento e despois a análise do cadro; ou á inversa, estudo do cadro e verificación deste no documento.
- Nos dous casos, priorizar funcionamento do hemisferio esquerdo: espírito de análise, observación e reutilización consciente dos contidos e competencias.

As leccións 1 e 2 constitúen desta forma un percorrido variado que busca unha apropiación real da lingua oral e que respecta os diferentes perfís de aprendizaxe e require as múltiples intelixencias do alumno.

Documentos auténticos ou semiauténticos de carácter informativo, ilustrados como unha revista , textos formais e informais como <<Le blog de Claire>>

Iniciación á **producción escrita**

En PARACHUTE 1, 2, **a avaliación** forma parte integrante do proceso de aprendizaxe.

Inicial, formativa ou sumativa, permite facer un inventario ao principio ou ao final dunha fase de aprendizaxe, pero o seu papel principal é, sen ningunha dúbida, valorar os logros, evidenciar os progresos e, ao mesmo tempo, identificar as dificultades que se deben superar.

O espírito positivo que preside a avaliación do método vese claramente nas dobres páxinas <<Je joue et je révise>>, que preceden a tarefa final, para mostrar ben que se poderá realizar a mesma a partir dos logros adquiridos.

TAREFA FINAL

A tarefa final representa a culminación e a xustificación de todo o que precedeu na unidade.

En pequenos grupos, os alumnos deberán combinar as súas aptitudes e as diversas competencias adquiridas (competencias de comunicación e competencias clave) para levar a cabo con éxito o **proxecto global colectivo**.

- *A priori*, segundo as unidades, as tarefas serán máis ben de dominante oral (unidades 2, 3, 6) ou de dominante escrita (unidades 0, 4, 5), pero a proporción oral/escrito poderá variar en función dos grupos e do profesor.
- Todas incluírán un mínimo de tres fases: preparación, realización, exposición.
- Unha parte de preparación (procura de información, traballo manual, repeticións...) farase na casa; é materialmente necesario, pero é tamén moi significativo a nivel pedagóxico: unha lingua viva debe <<vivir>> fóra da clase.

<<**Moi et les autres**>>, ao final do percorrido, implica unha reflexión sobre as actitudes:

- Na clase: sentido do ridículo compañeirismo (unidade 3), gusto polo traballo en grupo (unidade 5);
- Fóra da clase: gusto polas linguas estranxeiras (unidade 1), espírito crítico fronte á publicidade (unidade 4), espírito de competición (unidade 6).

3.1.2. Caderno de exercicios (+ CD audio)

O caderno de exercicios está destinado ao traballo individual e á sistematización dos contidos presentados na clase.

- Está acompañado dun **CD audio** que contén: exercicios de fonética, e exercicios de vocabulario e gramática gravados.
- Componse dalgunhas seccións específicas:
- como introdución: <<**Biographie langagière**>> (**Porfolio**);
- ao final de cada unidade: <<**Bilan écrit**>>;
- en anexo, <<**Extra-entraînement**>>: actividades para reforzar as competencias de comprensión <<**Comprendre à l'oral**>> + 6 fichas <<**Comprendre à l'écrit**>>;
- tamén en anexo, 6 **mapas mentais**: un esquema heurístico por unidade, que lles permitirá aos alumnos clasificar e sintetizar os coñecementos adquiridos.

3.1.3 Material de audio para o profesor/a clase

- Trátase de 3 CD audio que corresponden ao libro do alumno.
- O CD audio que contén as gravacións do caderno de exercicios e que vén incluído con este cando os alumnos o compren.

3.1.4 A versión dixital

A versión dixital de PARACHUTE 1 contén o libro do alumno e o caderno de exercicios.

Sen ser indispensable para a explotación de PARACHUTE 1, constitúe unha ferramenta moi útil para a dinamización da clase. En todo caso, pode ser facilmente explotada de forma intermitente, cando o profesor teña acceso a un encerado dixital no seu establecemento, ou simplemente cando xulgue que é máis útil pedagoxicamente. Os vídeos que contén poderán eventualmente ser proxectados en pantalla normal.

- **Presenta:**
- versións interactivas dalgunhas actividades do libro e do caderno.
- animacións das cancións, <<Boîte à sons>> et os <<Rythmes tes verbes!>>;
- solucións animadas dalgunhas das actividades do libro e do caderno;
- vídeos de civilización.
- **Permite unha fácil navegación:**
- As zonas do libro e do caderno que corresponden a cada actividade están delimitadas, e o profesor non terá necesidade de tentear co zoom para activalas e agrandalas.
 - Accédese de forma directa ás gravacións audio, ás transcripcións, ás solucións e aos vídeos.
- **As correccións interactivas presentan un interese pedagóxico:**
- As solucións da actividade non aparecen todas á vez, senón ítem por ítem, o que permite manter a atención dos alumnos durante toda a sesión de corrección.
 - Teñen animacións e son visuais: cando as actividades se apoian sobre unha imaxe, a resposta dáse na mesma imaxe e non codificada cunha combinación de cifras e letras. Auméntase a motivación durante a fase de corrección, pero esta presentación poderá servir, sobre todo, para previamente:
 - Explicar a indicación e dar un exemplo do funcionamento da actividade.
 - Realizar de forma eventual a actividade baixo ese formato no encerado dixital, despois da reflexión individual e corrixindo aos poucos.
- **A combinación de ferramentas habituais permite personalizar o método.**

- O profesor, na pantalla, pode completar un cadro ou resaltar o que é importante, esconder algunhas partes do texto ou dunha ilustración.
- Pode inserir ligazóns, notas e gravacións efectuadas na clase.
- Pode tamén gravar as súas achegas persoais, conservalas para ser reutilizadas noutras sesións, noutra clase...
- **Os vídeos <<incrustados>> no libro do alumno ilustran a sección <<Je lis et je découvre>>:**

- Presentan unha apertura sobre a <<verdadeira vida>> e unha prolongación dos contidos socioculturais presentados.
- A voz en off fala un francés moi sinxelo, para que os alumnos debutantes non se desanimen.
- Ademais de mostrar distintas realidades socioculturais, os vídeos teñen como obxectivo reforzar a competencia de comprensión oral e sensibilizar os alumnos coa linguaxe non verbal.

3.1.6 Recursos dixitais adicionais

Paquete <<motivación>> para a clase.

- **Xogos para o encerado dixital:** dobre CD-ROM, cuxo obxectivo é a revisión lúdica do vocabulario, da gramática e da fonética.
- **Cancións tradicionais:** multi-CD-ROM para que os alumnos compartan unha bagaxe musical francesa indispensable e para que lles axude a vencer a súa timidez, grazas ás versións karaoke.
- **Banco de imaxes dixitais:** CD-ROM con 600 *flashcards*, proxectables, coas palabras e a versión sonora correspondente.

Paquete <<fichier>> para o profesor

- **Diagnóstico-test de nivel** (con CD audio): para avaliar os alumnos a comezos do curso e deseñar o perfil do alumno.

- **Ficheiro interdisciplinar: Ciencias naturais, Ciencias sociais:** en formato dixital, para iniciar os alumnos nalgunhas materias non lingüísticas, dentro do marco das clases bilingües ou simplemente como parte da sensibilización do francés.

Sitio web

-No sitio web PARACHUTE (www.santillanafrancaisparchute.com), o profesor atopará un xerador de avaliacións: as avaliacións de PARACHUTE, un banco de actividades e un programa que permite modificar as avaliacións propostas ou compor unhas novas.

3.2. METODOLOXÍA DE PARACHUTE 1 E 2: LIÑAS MESTRAS

3.2 1. Comunicación

O obxectivo de PARACHUTE 1 é garantir, como mínimo, a adquisición das aptitudes descritas polo Marco Común Europeo de Referencia (MCER) para o nivel A1.

Comprensión oral

«Comprender palabras familiares e expresións moi correntes sobre un mesmo, a súa familia e a súa contorna máis próxima e concreta, se a xente fala lenta e claramente»>> MCER.

Desta forma, en PARACHUTE escoitaranse e comprenderanse de forma global monólogos e diálogos moi sinxelos, situados nun contexto cotián, sobre temas próximos ao alumno, p. ex.:

Mensaxes en continuo

Nun parque público: as intervencións moi breves de personaxes, facer un pedido nun posto de refrescos, berros e onomatopeas (para expresar dor, mandar calar, desculparse...).

- Na festa: un mozo presenta a súa familia.
- Na radio: consellos para utilizar o computador.
- Nun sitio web: unha adolescente conta o seu horario/a súa xornada.

Etc.

Cancións e cancións infantís (*comptines*)

- En case todas as unidades, cancións moi animadas e sinxelas, escritas a partir do vocabulario dispoñible.

Conversacións (diálogos curtos en situacións do día a día)

- Na rúa: situacións en que mozos se coñecen por primeira vez.
- Na cafetería: un adolescente dá un agasallo a unha amiga.
- No colexio: uns alumnos len o seu novo horario.
- No colexio, por videoconferencia: entrevista con alumnos de intercambio ingleses.
- Durante unha festa de aniversario: xogo de adiviñas.
- Na piscina: uns están contentos, outros quéixanse. Etc.

NIVEL DE ESIXENCIA E ESTRATEXIAS

A competencia obxectivo neste nivel PARACHUTE é a comprensión global, sobre todo a identificación da situación e a resposta a preguntas de base, onde (se sitúa a acción)?; Quen (fala)?; Que (de que falan?).

Non se espera que o alumno comprenda TODO, e aínda menos que o faga no primeiro intento. Pero o adestramento na comprensión oral non será por iso menos sistemático e incluírá a adquisición de estratexias específicas: p. ex., desde o principio, pediráselle ao alumno que estea atento ás entoacións, que lle axudarán a entender as intencións de comunicación.

Produción oral: expresión en continuo e en interacción

«Utilizar expresións e frases sinxelas para describir o lugar onde vive o alumno e a xente que coñece. Comunicar de forma sinxela, coa condición de que o interlocutor estea disposto a repetir ou reformular as frases máis lentamente e a axudarlle a formular o que quere dicir. Facer preguntas sobre temas próximos ou sobre o que necesita de forma inmediata, así como contestar esas mesmas preguntas»>> MCER.

Deste modo, PARACHUTE anima os alumnos a que interveñan de forma individual e tamén entre eles, dentro das súas posibilidades como debutantes a través de:

Repetición

- **Cancións e textos musicalizados**

Inténtase que os alumnos canten (cancións e *comptines*), digan (números, verbos...), xuntos ou individualmente e que melloren a súa pronuncia a partir de trabalinguas inventados.

Liberados da obrigaón de reflexionar para buscar as palabras ou construír frases, do medo a cometer erros, levados polo ritmo, polos compañeiros, os alumnos:

- reláxanse e perden os seus complexos, e aprenden a dar unha dimensión lúdica á lingua;
- poden concentrarse na pronuncia e a entoación;
- integran máis facilmente a lingua.

- **Diálogos**

Aprendendo de memoria e representando escenas dialogadas, os alumnos:

- asimilan contidos e memorízanos; os textos convértense en referencias e mesmo modelos;
- aprenden a enriquecer a lingua con todos os recursos non verbais (xestos, mímica...).

Expresión en continuo

Anímase os alumnos a, p. ex.:

- presentarse;
- presentar os seus compañeiros e describilos;
- falar do seu horario de clase, os seus gustos e preferencias (materias, actividades), dos seus hábitos;

- comentar ilustracións;
- imaxinar situacións en que serían o centro de atención.

Interacción

- **Actividades de reutilización, xogos de rol**

As actividades orais de reutilización non son mecánicas, están contextualizadas e teñen sentido. Anímase os alumnos a que:

- falen das situacións e das ilustracións;
- xoguen, adiviñen;
- adopten o papel de personaxes, ficticios ou non, e recreen situacións utilizando as fórmulas que se presentaron.

- **Tarefas finais**

É na realización destas tarefas, en que os alumnos se inician á comunicación auténtica, posto que se expresan de forma oral no marco dun proxecto concreto:

- certas tarefas son esencialmente orais: fabricar anuncios publicitarios, presentar a súa cidade ou o seu pobo a uns estudantes franceses, organizar un concurso de coñecementos sobre Francia, etc.;
- outras materializaranse por escrito, pero desembocarán tamén nunha presentación oral ante a clase, así como en comentarios.
- doutra banda, aos poucos e coa axuda do profesor, falan en francés entre eles durante a fase de preparación (procura de ideas, intercambiar información), para organizarse e negociar o relacionado coas tarefas que deben realizar.

NIVEL DE ESIXENCIA E ESTRATEXIAS

O nivel de esixencia neste primeiro nivel reflectirá unha dobre prioridade.

- A comunicación será máis importante que a corrección formal. Dito doutro xeito, o importante é que se entenda a mensaxe, mesmo se a expresión é

incorrecta ou imprecisa, ou se unha parte da mensaxe se entende grazas a medios non verbais.

- Débese valorar cando o alumno se arrisque a expresarse, posto que isto é indispensable no progreso: se o alumno non se atreve a falar por medo a cometer faltas (de lingua ou pronuncia), se se desanima, non teremos nada que corrixir, modelar, xa non haberá máis aprendizaxe posible.

Non se trata de descoidar a forma: débese ter en conta e debe ser corrixida (sobre todo se son contidos vistos na clase), porque a mellora da lingua contribúe á eficacia da comunicación, e á motivación que vén asociada a ela.

As estratexias propostas en PARACHUTE teñen como obxectivo a toma de conciencia e a aceptación destes criterios por parte dos alumnos: desenvolvemento da motivación e preocupación pola eficacia. Citáronse anteriormente as actividades de repetición lúdica, do mesmo xeito observárase que numerosas consignas insisten na importancia de coidar a entoación e mesmo de esaxerar a expresividade.

Comprensión escrita

COMPRESIÓN PROGRESIVA conforme o MCER.

PARACHUTE inicia os alumnos na comprensión de escritos de diversa natureza auténticos ou semiauténticos:

Anuncios, carteis, documentos funcionais auténticos

- horarios, axendas, DNI, mapa xeográfico, sobre para cartas, mapa coas diferentes zonas escolares;
- pancarta para unha campaña solidaria para nenos de Senegal, cartel publicitario dunhas zapatillas de deporte...;
- anuncio publicitario en web (campamento de verán), folleto cun programa de estancia lingüística...

CÓMIC

O formato cómic utilízase frecuentemente debido ao seu interese pedagóxico. Ten un lugar de grande importancia na cultura francófona e é un medio estratéxico para introducir a linguaxe escrita no comezo da aprendizaxe: a falta de recursos lingüísticos compénsase

grazas á imaxe que <<conta>> tanto ou máis que o texto, ademais a lingua escrita é unha transcrición da oral. En PARACHUTE, presentarase do seguinte modo nas diferentes unidades:

Prensa, documentos informativos formais

A maioría dos documentos que se presentan na sección «Je lis et je découvre» poderían atoparse nunha revista para adolescentes.

- tests: «Éco-quiz», «Prêt(e) à voyager en péniche?»;
- reportaxe fotográfica: «L'école en France»;
- artigo ilustrado: « Les symboles de la France ».

Internet

Anímase os alumnos a que fagan procuras en Internet para completar a información que se dá «Le lis et je découvre». Desta forma, lerán textos auténticos para buscar información precisa de:

- un autor literario;
- os símbolos de Francia;
- as cidades que teñen ríos;
- os lugares máis turísticos da cidade de Bruxelas;
- os campamentos de verán.

Documentos comunicativos persoais

Os alumnos atoparán en PARACHUTE extractos de escritos menos formais, p. ex.:

- un diario (dunha moza preocupada pola proximidade dunha festa);
- un diario de viaxes con fotos comentadas (viaxe a Bruxelas);
- testemuños de mozos sobre as súas vacacións;
- o blog de Claire que, en cada unidade (sección «Je lis et je découvre») se presenta ela e os seus amigos, a súa vida cotiá, os seus hábitos de adolescente.

NIVEL DE ESIXENCIA E ESTRATEXIAS

Como no caso oral, na lingua escrita a prioridade é a comprensión global, así como a identificación de información xeral, da finalidade do texto. As preguntas de comprensión dos documentos evidencian esta prioridade, p. ex.: «Associe chaque titre à un témoignage»

Incítase xercita ao alumno para que busque nun texto informacións precisas importantes, p. ex.: nun folleto turístico pediráselle que busque: «Combien de jours dure cette colonie? Où vont-ils dormir?... » (unidade 4); nun diario deberá encontrar «Quelles sont les deux spécialités gastronomiques da Belgique?» ou « À quelle heure Emma arrive à Paris? (unidade 5).

As estratexias apropiadas que PARACHUTE propón ao alumno apóianse no formato dos documentos (iconográficos, tipográficos... rico e variado en función do tipo de documento). Sistematízanse e lémbrense de forma explícita: lese, p. ex.: «Devín le sens deas mots difficiles: observe les photos, cherche les mots-clés, aide-toi deas mots transparents...» (unidade 6).

Producción escrita: expresión e interacción

«Escribir unha postal curta e sinxela, por exemplo sobre as vacacións. Dar detalles persoais nun cuestionario, pór por exemplo o meu nome, a miña nacionalidade, o meu enderezo nunha ficha de hotel» MCER.

No nivel A1, está claro que a produción escrita é a competencia de comunicación menos desenvolvida.

Preséntanse os contidos de forma oral, e un dos obxectivos primordiais é o de facilitar o recoñecemento oral no escrito así como o paso do escrito ao oral: é a finalidade do «Blog de Claire» e da rúbrica: «Je lis, je dis». Con todo, iníciase o alumno á produción escrita.

Expresión mínima «utilitaria»

Anímase o alumno a:

- personalizar o seu caderno escribindo as súas palabras favoritas en francés e a realizar un póster colectivo mantendo o mesmo espírito (unidade 1, tarefa final);
- confeccionar un cartel anunciando o programa de actividades dunha fin de semana cos amigos (unidade 5, tarefa final);

- tomar notas como apoio á hora de facer presentacións (en todas as tarefas finais).

Expresión persoal

A iniciación á expresión persoal propónse nas seccións «Je lis et je découvre», ao final do percorrido, integradas no *Blog de Claire*, para destacar a vocación comunicativa de certos escritos. O *Blog de Claire* servirá como referencia e «modelo». Desta forma pediráselle ao alumno que:

- se presente;
- describa o seu mellor amigo/a;
- conte as súas actividades cos compañeiros;
- fale das súas relacións coa xente á que quere;
- diga se a moda é importante para el/ela;
- describa o almorzo que toma na casa.

NIVEL DE ESIXENCIA E ESTRATEXIAS

As producións escritas deberán ser avaliadas con indulxencia. A ortografía non forma parte das prioridades do ensino-aprendizaxe, o máis importante é que a produción sexa comprensible e se adapte ás indicacións, aínda que non se realice con corrección.

A «tolerancia» prevista para as palabras de uso non será a mesma que para a ortografía gramatical. Esta é obxecto dun adestramento especial (na sección «J'écoute et je parle – J'observe et j'analyse»): deste xeito daráselle grande importancia ás marcas de xénero e número e ás terminacións verbais.

As estratexias propostas pasan pola toma de conciencia das diferenzas entre o oral e o escrito: a existencia de varias grafías para un mesmo son («Je lis, je dis»), e da significación determinante de terminacións verbais, de nomes e adxectivos.

3.2.2. TRATAMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

Ademais dos obxectivos lingüísticos, PARACHUTE fixa deliberadamente como finalidade a mobilización e o desenvolvemento das competencias clave. Este compromiso non ten nada de artificial, posto que o ensino dunha lingua viva conduce inevitablemente a abordar realidades transversais e interdisciplinares.

Ademais da competencia de comunicación, algunhas competencias clave asócianse inevitablemente co enfoque de PARACHUTE (competencia dixital, aprender a aprender, competencias sociais e cívicas), outras son menos centrais, pero todas se abordan e se requiren do alumno, para cada unha delas, un mínimo de toma de conciencia e unha actitude favorable.

As competencias de base mobilizadas e desenvolvidas por PARACHUTE están expresamente sinaladas en todos os elementos: libro do alumno, caderno de exercicios, libro do profesor, en que, ademais, se analizan sistematicamente.

Competencia matemática e competencias de base en ciencias e tecnoloxía

Non sendo *a priori* fundamental no proceso da aprendizaxe do francés, necesítase en en varias ocasións:

- en todas as actividades que teñen como tema os números, en que non só se trata de , senón tamén de facer operacións (unidade 3, p. 36 act. 4);
- nas actividades onde se require a lóxica ademais do cálculo: continuar unha serie numérica , deducir a idade de varios personaxes a partir de informacións relativas dadas; para as horas e marcar as datas.
- en actividades de pura dedución, non numéricas como «jeu de logique» ou as adiviñanzas sobre a familia de Arthur Chevelu (unidade 4, . Así pois, a competencia matemática é primeiro de nada a aptitude para desenvolver e aplicar un razoamento matemático para resolver diversos problemas. Esta actitude requirida en PARACHUTE é practicamente a mesma que se require no ámbito matemático e científico xeral: o respecto á verdade, a vontade de encontrar argumentos, o rigor intelectual, así como avaliar a súa validez.

Competencia dixital

A competencia dixital está no centro da aprendizaxe do francés con PARACHUTE.

É, sobre todo, instrumental:

- O método conta con elementos dixitais que serán manexados polos alumnos ou ante eles: o manual dixital interactivo para o encerado dixital e os complementos para animar (banco de imaxes dixitais, karaokes, xogos para o encerado dixital).
- PARACHUTE anima os alumnos a que utilicen as novas tecnoloxías para realizar as actividades de procura de información en Internet (en «Je lis et je découvre»), para comunicarse cos seus amigos (en «Le blog de Claire»), para preparar as súas presentacións, como na tarefa «Je suis méga-horrible» (unidade 3, p. 30).

PARACHUTE permítelles aos alumnos comprender o papel e as posibilidades das TIC na vida diaria, privada, en sociedade e no traballo. Sensibilízaos, do mesmo xeito, cos posibles riscos de Internet e da comunicación a través de soportes electrónicos (correo electrónico, aplicacións en rede), cos problemas de validez e fiabilidade das informacións disponibles, e tamén cos riscos para a súa saúde: <<ter bos hábitos ante o computador>> (unidade 4, act. 1 a 5).

Aprender a aprender

A competencia que permite aprender a aprender é o centro da aprendizaxe do francés con PARACHUTE; é en si mesma consubstancial, posto que a aptitude de aprender a aprender é a base do progreso e da motivación que leva.

O contrato de aprendizaxe que se atopa ao comezo de cada unidade axuda o alumno a reflexionar sobre o obxecto e finalidade da aprendizaxe.

Para cada competencia lingüística, PARACHUTE proponlle ao alumno estratexias específicas (ver máis arriba), e adéstrao para que recorra a elas de forma consciente.

Estas estratexias descóbrense e utilízanse na clase, requírense e rentabilízanse no momento do traballo individual, e co caderno de exercicios en particular. Contribuirán a que o alumno gañe confianza nas súas propias capacidades no momento en que se dea conta da súa utilidade.

Estas estratexias vense claramente en PARACHUTE no apartado específico das seccións «Vers le DELF» baixo un subtítulo evocador: «Trucs et astuces» (trucos e astucias).

A variedade de soportes e de actividades está destinada a facerlles comprender aos alumnos que non hai unha soa forma de abordar unha lingua e de aprendela.

A variedade de formatos destinados á avaliación (xogos, balances orais/escritos, avaliacións por competencias do tipo) ten a mesma finalidade: independentemente do valor eventual sumativo, ten un valor formativo, xa que lle permite ao alumno coñecer cales son as súas estratexias de aprendizaxe favoritas, e cales son os puntos fortes e débiles das súas aptitudes e cualificacións.

Competencias sociais e cívicas

PARACHUTE é un método destinado ao ámbito escolar, á aprendizaxe en grupo, polo que a **competencia social** ten un gran valor.

Os códigos de conduta que se deben respectar na vida colectiva de forma xeral son os mesmos que os que se deben respectar no colexio e na clase; no grupo e nos subgrupos cando, p. ex. se realicen as tarefas finais. No día a día, o método incítaos a respectar as regras de cortesía, a saudarse, a respectar as quendas de palabra, a escoitar os demais, a respectar os seus esforzos para facerse entender a pesar das dificultades da lingua...

A través das actividades, aprenden a respectar as nocións fundamentais do individuo, do grupo, da organización do traballo, da igualdade entre homes e mulleres e da non discriminación, de sociedade e de cultura.

O descubrimento dunha realidade diferente á súa, a do mundo francófono, dálles a oportunidade de exercer unha actitude aberta e tolerante.

A competencia social está unida ao benestar persoal e colectivo que esixe comprender como os individuos poden asegurarse de ter un estado óptimo de saúde física e mental. Deste xeito, os documentos de PARACHUTE relativos á ecoloxía (unidade 3, p. 36 «100% écolos», p. 37 «Au collège, on recycle!»), á hixiene postural (unidade 4, p. 46 «Les bonnes habitudes devant l'ordinateur»), á alimentación (unidade 6, p. 65), ao beneficio (unidade 6, p. 71) contribúen ao desenvolvemento desta competencia clave.

As tarefas finais son por si soas a ocasión perfecta de demostrar unha actitude positiva: colaboración, valoración da diversidade e do respecto aos demais, e aceptación de compromisos. Termínanse, á mantenta, cunha rúbrica de reflexión «Moi et les autres».

No que respecta ás **competencias cívicas**, PARACHUTE 1 propón unha sensibilización.

Preténdese, desde a primeira unidade, coa información da campaña «Un cahier, un crayon, pour les enfants du Sénégal» (p. 17) que sexan conscientes de que pertencen a unha sociedade occidental privilexiada.

O coñecer outro país desde o punto de vista «político» e histórico contribúe ao desenvolvemento da competencia cívica: PARACHUTE contribúe a ela cun informe como é o de «Les symboles da France» (unidade 2, pp. 26-27).

Alí atoparán informacións básicas sobre a bandeira, o himno nacional, a festa nacional e as orixes desta, que dan unha perspectiva histórica e pública do país onde naceu a lingua que están aprendendo.

Lerase o lema de Francia «liberté, égalité, fraternité», que é perfecto para lembrar as nocións de democracia, xustiza, igualdade, cidadanía e dereitos civís.

Ao final, atoparemos unha páxina que personifica con humor algúns clichés de Francia para que se reflexione sobre os prexuízos e dar un exemplo de «burla cariñosa».

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor

Dada a súa idade, os alumnos están aínda lonxe do mundo profesional, en que deberán facer proba deste espírito emprendedor indispensable no mundo moderno. Pero non é demasiado pronto para axudalos a desenvolver unha actitude favorable á adquisición desta competencia. Con este obxectivo, as tarefas finais son un contexto privilexiado: os alumnos deben realizar un proxecto en grupo, deben organizarse e negociar para repartir as tarefas ao principio e durante cada etapa (preparación, realización, exposición).

Cada un mobilizará as súas mellores capacidades para contribuír ao resultado común, pero todos terán que exercer a aptitude para anticipar, para planificar a súa actividade persoal ao servizo da tarefa (procura de información, selección de documentación gráfica, creación de ilustracións, compra de material...), para facer un informe para os membros do grupo ou subgrupo, para resolver cal é a proposición máis adecuada, etc.

Sensibilidade e expresión cultural

Non todos os individuos nacen cos mesmos dons artísticos, pero todos teñen dereito a aprender a sentir as emocións estéticas e o deber de respectar as manifestacións culturais e artísticas que enriquecen o mundo.

Deste xeito, para desenvolver a **sensibilidade artística** dos alumnos PARACHUTE 1 deixa ver e descubrir algúns elementos do patrimonio cultural de Francia: «Qu'est-ce que tu connais da France?», pregúntaselle ao alumno convidándoo a facer unha lista de monumentos, cidades, cómics, personaxes famosos, marcas, a partir de fotos do Arco de Triunfo, de Astérix, de Xulio (unidade 1, p. 20 «Vive le français!»). E cando

PARACHUTE propón unha fin de semana en París, o percorrido inclúe unha visita á torre Eiffel, ao Museo nacional de historia natural, ao Louvre (fotos da pirámide e reprodución da Gioconda), un paseo en barco para admirar as pontes de París, Notre Dame, unha foto de recordo diante das estacións de metro art déco tan características (unidade 5, pp. 60-61 «Un week-end à Paris»).

O alumno estará preparado para organizar unha visita guiada da súa cidade, o que lle fará valorar o seu propio patrimonio cultural (unidade 5, p. 64, tarefa final).

A cultura popular contemporánea está tamén presente: Asterix (unidade 0, p. 9 act. 8), a *baguette* e o *roquefort* pelexan por ser os representantes de Francia (unidade 0, unidade 1, p. 16)

Se favorece tamén a **expresión cultural e artística** en canto ten oportunidade. En todas as tarefas finais, as indicacións propoñen dar unha dimensión creativa:

- debuxo: «Debuxa, recorta e fai un colaxe con todo o que máis che gusta de Francia. Escribe de forma artística [...] Pega etiquetas, fotos, postais...» (unidade 1, p. 20, tarefa final);
- música, baile: «Engadide ruídos, música, ritmos, coreografías... tanto como queirades» (unidade 3, p. 42, tarefa final);
- arte dramática: «Preparades: os decorados, disfraces, a música. Imaxinades a posta en escena...» (unidade 4, p. 52, tarefa final).

En canto a Claire, declara no seu blog non ser unha «fashion victim» e decora todas as súas cousas, co cal gaña rapidamente adeptos (unidade 5, p. 60, Blog de Claire «Personalizo todo: o meu estoxo, a miña axenda, o meu bolso, as miñas camisetas, os meus calcetíns»/Ten demasiado estilo. Gustaríame regalar unha camiseta así á miña amiga!»).

3.2.3 PROCESO DE AVALIACIÓN

A avaliación é un dos alicerces do proxecto de PARACHUTE. É coherente cos seus principios metodolóxicos e, como tal, adopta diversas formas segundo a súa finalidade.

Avaliación inicial

A avaliación inicial permítelle ao profesor establecer o perfil da súa clase e axustar o seu proxecto pedagóxico.

- A unidade 0 do libro do alumno e do caderno de exercicios contribúen a este fin.
- No nivel 1, o que mide a unidade 0 son fundamentalmente perfís e actitudes. Nos niveis seguintes, mide ademais o «nivel» das competencias adquiridas en fases anteriores.
- A unidade 0 axuda a activar ou a reactivar coñecementos e competencias e, no seu caso, a determinar as medidas de reforzo e recuperación para os alumnos que o necesiten.

Avaliación continua

A avaliación continua é probablemente a máis importante para o proceso de ensino-aprendizaxe. Máis ca un «control» dos alumnos, supón un «acompañamento» e unha axuda que garante o seu progreso.

En PARACHUTE, a avaliación continua ten varias características:

- É exhaustiva:
 - Ao final de cada unidade do libro, unha dobre páxina: «Je joue et je révise».
 - Ao final de cada unidade do caderno: un «Bilan».
 - Para cada competencia, e por tanto para cada actividade, o profesor dispón no libro do profesor de criterios de observación específicos.
- Adopta formas diversas:
 - É lúdica na primeira páxina de «**JE JOUE ET JE RÉVISE**», porque os xogos desdramatizan o erro e o propio concepto de avaliación.
 - É máis formal na segunda páxina desta mesma sección, onde se atopa un «**Bilan oral**», con exercicios e puntuación.
 - O título da sección é unha declaración de intencións: ata o «Bilan oral» se atopa situado nunha dinámica positiva, de repaso e interiorización dos contidos.
 - O «**Bilan écrit**» que o completa no caderno de exercicios comparte a mesma filosofía: noutro contexto, traballando individualmente e

máis serenamente, o alumno ten outra oportunidade de mostrar o que sabe e sabe facer.

- Ao final de cada unidade alumno e profesor poden comprobar se están preparados para pasar á seguinte, e decidir accións colectivas ou individuais para remediar calquera problema.
- Se non bastasen as propias actividades do libro do alumno e do caderno de exercicios para reforzar puntos específicos, o profesor dispón ademais dun **xerador de avaliacións** que contén un banco de actividades sobre todos os puntos do programa.
- Solicita a participación dos alumnos: a través da autoavaliación e da coavaliación:
 - **Autoavaliación:** é o fomento da autorreflexión. Faise que o alumno participe da avaliación da súa aprendizaxe, que se sinta parte do proceso realizando actividades que o fan reflexionar sobre o seu propio progreso en distintos aspectos da lingua. Non se trata tanto de que o alumno se corrixa ou poña el mesmo unha nota, senón de que aprenda a valorar os seus progresos e tome conciencia do modo en que os conseguiu.
 - **Coavaliación:** ao principio da aprendizaxe, e sobre todo con preadolescentes, un método mixto (reflexión individual que logo se comparte na clase) como o que se propón en «Moi et les autres» («Tâche finale») adoita ser máis fácil de implantar.
- É positiva e integradora:
 - A avaliación continua en PARACHUTE non está concibida para castigar, senón para animar, estimular.
 - Cando se trata de medir competencias de comunicación, a comunicación é a prioridade: nas primeiras fases, a corrección formal está ao servizo da mesma e non é un fin en si mesma. Desta maneira, en determinadas actividades poderá obter mellor resultado un alumno que cometa faltas por «arriscar» que un que non comete erros, pero que non envía unha mensaxe auténtica.
 - Unha certa corrección formal e o respecto das normas lingüísticas básicas é necesaria para garantir a comprensibilidade e a

precisión da mensaxe. Con tarefas específicas, o profesor axudará os alumnos con dificultades a alcanzar o nivel que estime necesario para a súa integración no grupo e na dinámica da clase.

- O tomar en consideración no momento de avaliar as diferentes competencias por separado, así como os diferentes modos de aprender, axudará a «equilibrar» o grupo, dando a súa oportunidade á maior parte dos alumnos posible (case ninguén é absolutamente malo «en todo»).

- É coherente:

- Non pode ser doutra maneira cando se fundamenta nesta propia programación e na definición inicial de estándares **de aprendizaxe avaliáveis**. Os estándares de aprendizaxe quedan incluídos como parte do currículo na Lei Orgánica para a Mellora da Calidade Educativa e definidos como «especificacións dos criterios de avaliación que permiten definir os resultados das aprendizaxes e concretan mediante accións o que os alumnos deben saber e saber facer en relación con cada materia. Deben ser observables, medibles e avaliáveis e permitir graduar o rendemento ou logro alcanzado».

Avaliación final sumativa

A avaliación sumativa con cualificación é unha realidade escolar que vai máis aló da necesidade de control administrativo: ao termo dunha etapa de aprendizaxe (fin de trimestre, en particular), axúdalle ao alumno a medir os seus progresos. A identificar os seus puntos fortes e débiles, e mesmo a establecer co seu profesor un contrato de «resolución de problemas».

- Ao final de cada trimestre, no libro do alumno: «**Vers le DELF**», «**J'évalue mes compétences**»

- No libro do alumno, unha avaliación por competencias, que recolle os contidos de dúas unidades. O «pór a proba» estes mesmos contidos e temas de forma integrada e noutros contextos que os das unidades permite comprobar que foron correctamente asimilados, e resistirán a proba do tempo.

- O formato elixido para estas avaliacións é fiel ao espírito do DELF e achégase progresivamente ao seu formato exacto, a medida que se avanza na serie PARACHUTE.
- A posibilidade de examinarse do DELF A1 (en 1º ou 2º) e do DELF A2 (en 3º ou 4º) poderá converterse nun aliciente para os alumnos de secundaria: que outra materia permite conseguir un título oficial específico, mundialmente recoñecido?
- Para o profesor: **o xerador de avaliacións**
 - O xerador de avaliacións (en liña, na páxina web de PARACHUTE) contén as **avaliacións por competencias** de PARACHUTE en formato dixital editable, de modo que poderán ser modificadas e adaptadas polo profesor.
 - Co xerador de avaliacións, o profesor dispón finalmente dun banco de actividades que poderá combinar, tal cal ou adaptadas, coas que el mesmo terá confeccionadas: ten por tanto a posibilidade de deseñar unha avaliación á medida.

- **PROGRAMACIÓN DOS CONTIDOS**

- LE: Livre de l'élève.
- **Act: actividade.** NO CASO DE QUE NON SE ESPECIFIQUE A ACT., SIGNIFICA QUE TODA A PÁXINA SE DEDICA AO MOMENTO MENCIONADO.
- Os contidos de gramática e léxico que se mencionan nesta programación aparecen de forma idéntica nos bloques orais e escritos.

Non se recolle os que só aparecen en textos escritos e non se consideran «de uso frecuente».

BLOQUE 1. COMPRENSIÓN DE TEXTOS ORAIS

Criterios de avaliación: CO, CE, EO, EE

Estándares de aprendizaxe

Contidos

Actividades

Comunicación: comprensión oral

Identificar o sentido xeral, os puntos principais e a información máis importante en textos orais breves e ben estruturados, transmitidos de viva voz ou por medios técnicos e articulados a velocidade lenta, nun rexistro formal, informal ou neutro, e que versen sobre asuntos habituais en situacións cotiás ou sobre aspectos concretos de temas xerais ou do propio campo de interese nos ámbitos persoal, público, e educativo, sempre que as condicións acústicas non distorsionen a mensaxe e se poida volver escoitar o devandito.

1. Capta a información máis importante de indicacións, anuncios, mensaxes e comunicados breves e articulados de maneira lenta e clara (p. ex. en estacións ou aeroportos), sempre que as condicións acústicas sexan boas e o son non estea distorsionado.

2. Entende os puntos principais do que se lle di en transaccións e xestións cotiás e estruturadas (p. ex. en hoteis, tendas, albergues, restaurantes, espazos de lecer ou centros de estudos).

3. Comprende, nunha conversación informal en que participa, descricións, narracións e opinións formuladas en termos sinxelos sobre asuntos prácticos da vida diaria e sobre aspectos xerais de temas do seu interese, cando se lle fala con claridade, amodo e directamente, e se o interlocutor está disposto a repetir ou reformular o devandito.

4. Comprende, nunha conversación formal en que participa (p. ex. nun centro de estudos), preguntas sinxelas sobre asuntos persoais ou educativos, sempre que poida pedir que se lle repita, aclare ou elabore algo do que se lle dixo.

5. Identifica as ideas principais de programas de televisión sobre asuntos cotiás ou do seu interese articulados con lentitude e claridade (p. ex. noticias ou reportaxes breves), cando as imaxes constitúen gran parte da mensaxe.

Aspectos socioculturais e sociolingüísticos

Coñecer e utilizar para a comprensión do texto os aspectos socioculturais e sociolingüísticos relativos á vida cotiá (hábitos de estudo e de traballo, actividades de lecer), condicións de vida e contorna, relacións interpersoais (entre homes e mulleres, no centro educativo, no ámbito público), comportamento (xestos, expresións faciais, uso da voz, contacto visual), e convencións sociais (costumes, tradicións).

Funcións comunicativas

Distinguir a función ou funcións comunicativas máis relevantes do texto (p. ex. unha petición de información, un aviso ou unha suxestión) e un repertorio dos seus expoñentes máis frecuentes, así como patróns discursivos de uso común relativos á organización textual (introdución do tema, cambio temático e peche textual).

Patróns sintácticos e discursivos

Aplicar á comprensión do texto os coñecementos sobre os constituíntes e a organización de patróns sintácticos e discursivos de uso frecuente na comunicación oral, así como os seus significados xerais asociados (p. ex. estrutura interrogativa para facer unha suxestión).

Patróns sintácticos e discursivos

Léxico de uso frecuente

Aplicar á comprensión do texto os coñecementos sobre os constituíntes e a organización de patróns sintácticos e discursivos de uso frecuente na comunicación oral, así como os seus significados xerais asociados (p. ex. estrutura interrogativa para facer unha suxestión).

Patróns sonoros

Discriminar patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso frecuente, e recoñecer os significados e intencións comunicativas xerais relacionados cos mesmos.

- O ritmo na frase.
- Sensibilización coas entoacións interrogativa e exclamativa.

BLOQUE 2. PRODUCCIÓN DE TEXTOS ORAIS: EXPRESIÓN E INTERACCIÓN

Criterios de avaliación: CO,CE,EO,EE

Estándares de aprendizaxe

Contidos

Actividades

Comunicación: produción

Expresión

Producir textos breves e suficientemente comprensibles, tanto en conversación cara a cara como por teléfono ou outros medios técnicos, nun rexistro neutro ou informal, cunha linguaxe moi sinxela, en que se dá, solicita e intercambia información sobre temas cotiáns e asuntos coñecidos ou de interese persoal e educativo, aínda que se produzan interrupcións ou vacilacións, se fagan necesarias as pausas e a reformulación para organizar o discurso e seleccionar expresións, e o interlocutor teña que solicitar que se lle repita ou reformule o devandito.

Interacción

Manexar frases curtas e fórmulas para desenvolverse de maneira suficiente en breves intercambios en situacións habituais e cotiás, aínda que haxa que interromper o discurso para buscar palabras ou articular expresións e para reparar a comunicación. Interactuar de maneira simple en intercambios claramente estruturados, utilizando fórmulas ou xestos simples para tomar ou manter a quenda de palabra, aínda que poidan darse desaxustes na adaptación ao interlocutor.

1. Fai presentacións breves e ensaiadas, seguindo un guiión escrito, sobre aspectos concretos de temas xerais ou relacionados con aspectos básicos dos seus estudos, e responde a preguntas breves e sinxelas dos oíntes sobre o contido das mesmas se se articulan clara e lentamente.

2. Desenvólvese coa eficacia suficiente en xestións e transaccións cotiás, como son as viaxes, o aloxamento, o transporte, as compras e o lecer, seguindo normas de cortesía básicas (saúdo e tratamento).

3. Participa en conversacións informais breves, cara a cara ou por teléfono ou outros medios técnicos, en que establece contacto social, intercambia información e expresa opinións de maneira sinxela e breve, fai invitacións e ofrecementos, pide e ofrece cousas, pide e dá indicacións ou instrucións, ou discute os pasos que hai que seguir para realizar unha actividade conxunta.

4. Desenvólvese de maneira simple nunha conversación formal ou entrevista (p. ex. para realizar un curso de verán), achegando a información necesaria, expresando de maneira sinxela as súas opinións sobre temas habituais, e reaccionando de forma simple ante comentarios formulados de maneira lenta e clara, sempre que poida pedir que se lle repitan os puntos clave se o necesita.

Comunicación: produción

Expresión

- Adestrarse na pronunciación do vocabulario estudado.
- Imitar as entoacións dos textos memorizados.
- Presentar os seus compañeiros, reutilizando a estrutura que se acaba de descubrir.

Interacción

- Escenificar un diálogo memorizado por parellas.
- Contestar unha pregunta persoal.
- Imaxinar e interpretar un diálogo a partir dun modelo.
- Xogar a adiviñar quen falou.

Estratexias de produción

Coñecer e saber aplicar as estratexias máis adecuadas para producir textos orais en forma de monólogo ou de diálogo breves e de estrutura moi simple e clara, utilizando, entre

outros, procedementos como a adaptación da mensaxe aos recursos de que se dispón, ou a reformulación ou explicación de elementos.

Estratexias de produción

- Memorizar diálogos e fórmulas comunicativas.

-Axudarse do xesto e da mímica.

Funcións comunicativas

Levar a cabo as funcións principais demandadas polo propósito comunicativo, utilizando os expoñentes máis frecuentes das devanditas funcións e os patróns discursivos sinxelos de uso máis común para organizar o texto.

Patróns sintácticos e discursivos

Mostrar control sobre un repertorio limitado de estruturas sintácticas de uso frecuente e de mecanismos sinxelos de cohesión e coherencia (repetición léxica, elipses, deíxe persoal, espacial e temporal, xustaposición, e conectores e marcadores conversacionais de uso moi frecuente).

Léxico de uso frecuente

Coñecer e utilizar un repertorio léxico oral suficiente para comunicar información e opinións breves, sinxelas e concretas, en situacións habituais e cotiás.

Patróns sonoros

Pronunciar e entoar de maneira suficientemente comprensible, aínda que resulte evidente o acento estranxeiro, se cometan erros de pronuncia esporádicos, e os interlocutores teñan que solicitar repeticións ou aclaracións.

-Imitar entoacións.

BLOQUE 3. COMPRESIÓN DE TEXTOS ESCRITOS

Criterios de avaliación: CO,CE,EO,EE

Estándares de aprendizaxe

Contidos

Actividades

Comunicación: comprensión

Identificar a idea xeral, os puntos máis relevantes e información importante en textos, tanto en formato impreso como en soporte dixital, breves e ben estruturados escritos nun rexistro neutro ou informal, que traten de asuntos habituais en situacións cotiás, de aspectos concretos de temas de interese persoal ou educativo, e que conteñan estruturas sinxelas e un léxico de uso frecuente.

1. Identifica, con axuda da imaxe, instrucións xerais de funcionamento e manexo de aparellos de uso cotián (p. ex. unha máquina expendedora), así como instrucións claras para a realización de actividades e normas de seguridade básicas (p. ex. nun centro de estudos).
2. Comprende correspondencia persoal sinxela en calquera formato en que se fala dun mesmo; descríbense persoas, obxectos, lugares e actividades; nárranse acontecementos pasados, e exprésanse de maneira sinxela sentimentos, desexos e plans, e opinións sobre temas xerais, coñecidos ou do seu interese.
3. Entende a idea xeral de correspondencia formal en que se informa sobre asuntos do seu interese no contexto persoal ou educativo (p. ex. sobre un curso de verán).
4. Capta o sentido xeral e algúns detalles importantes de textos xornalísticos moi breves en calquera soporte e sobre temas xerais ou do seu interese se os números, os nomes, as ilustracións e os títulos constitúen gran parte da mensaxe.

5. Entende información específica esencial en páxinas web e outros materiais de referencia ou consulta claramente estruturados sobre temas relativos a asuntos do seu interese (p. ex. sobre unha cidade), sempre que poida reler as seccións difíciles.

Comunicación: comprensión

- Comprender palabras transparentes coa axuda da grafía e da ilustración.
- Comprender diálogos curtos coa axuda da imaxe.
- Comprender preguntas.

Estratexias de comprensión

Coñecer e saber aplicar as estratexias máis adecuadas para a comprensión da idea xeral, os puntos máis relevantes e información importante do texto.

Estratexias de comprensión

- Axudarse das ilustracións e das palabras transparentes.

Aspectos socioculturais e sociolingüísticos

Coñecer, e utilizar para a comprensión do texto, os aspectos socioculturais e sociolingüísticos relativos á vida cotiá (hábitos de estudo e de traballo, actividades de lecer, condicións de vida e contorna, relacións interpersoais (entre homes e mulleres, no centro educativo, no ámbito público), e convencións sociais (costumes, tradicións).

Funcións comunicativas

Distinguir a función ou funcións comunicativas máis importantes do texto e un repertorio dos seus expoñentes máis frecuentes, así como patróns discursivos sinxelos de uso común relativos á organización textual (introdución do tema, cambio temático e peche textual).

Léxico de uso frecuente

Recoñecer léxico escrito de uso frecuente relativo a asuntos cotiáns e a aspectos concretos de temas xerais ou relacionados cos propios intereses ou estudos, e inferir do contexto, con apoio visual, os significados de palabras e expresións que se descoñecen.

Patróns sonoros e ortográficos

Recoñecer as principais convencións ortográficas, tipográficas e de puntuación, así como abreviaturas e símbolos de uso común (p. ex. , %,), e os seus significados asociados.

Patróns sonoros e ortográficos

- Signos de puntuación: signo de interrogación, de exclamación e puntos suspensivos.

BLOQUE 4. PRODUCCIÓN DE TEXTOS ESCRITOS EXPRESIÓN E INTERACCIÓN

Criterios de avaliación

Escribir, en papel ou en soporte dixital, textos breves, sinxelos e de estrutura clara sobre temas habituais en situacións cotiáns ou do propio interese, nun rexistro neutro ou informal, utilizando recursos básicos de cohesión, as convencións ortográficas básicas e os signos de puntuación máis frecuentes.

Coñecer e aplicar estratexias adecuadas para elaborar textos escritos breves e de estrutura simple, p. ex. copiando formatos, fórmulas e modelos convencionais propios de cada tipo de texto.

Incorporará produción do texto escrito os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos adquiridos relativos a relacións interpersoais, comportamento e convencións sociais, respectando as normas de cortesía e de etiqueta máis importantes nos contextos respectivos.

Levar a cabo as funcións demandadas polo propósito comunicativo, utilizando os expoñentes máis frecuentes das devanditas funcións e os patróns discursivos de uso máis habitual para organizar o texto escrito de maneira sinxela.

Mostrar control sobre un repertorio limitado de estruturas sintácticas de uso frecuente, e empregar para comunicarse mecanismos sinxelos suficientemente axustados ao contexto e á intención comunicativa (repetición léxica, elipses, deíxe persoal, espacial e temporal, xustaposición, e conectores e marcadores discursivos moi frecuentes).

Coñecer e utilizar un repertorio léxico escrito suficiente para comunicar información breve, simple e directa en situacións habituais e cotiás.

Coñecer e aplicar, de maneira suficiente para que a mensaxe principal quede clara, os signos de puntuación elementais (p. ex. punto, coma) e as regras ortográficas básicas (p. ex. uso de maiúsculas e minúsculas), así como as convencións ortográficas frecuentes na redacción de textos moi breves en soporte dixital.

Estándares de aprendizaxe

1. Completa un cuestionario sinxelo con información persoal básica e relativa aos seus intereses ou afeccións (p. ex. para asociarse a un club internacional de mozos).

2. Escribe notas e mensaxes (SMS, WhatsApp, Twitter), en que fai comentarios moi breves ou dá instrucións e indicacións relacionadas con actividades e situacións da vida cotiá e do seu interese, respectando as convencións e normas de cortesía e de etiqueta máis importantes.

3. Escribe correspondencia persoal breve en que se establece e mantén o contacto social (p. ex. con amigos noutros países), se intercambia información, se describen en

termos sinxelos sucesos importantes e experiencias persoais, e se fan e aceptan ofrecementos e suxestións (p. ex. cancelar, confirmar ou modificar unha invitación ou uns plans).

4. Escribe correspondencia formal moi básica e breve,

dirixida a institucións públicas ou privadas ou entidades

comerciais, fundamentalmente

para solicitar información, e observa as convencións formais e normas de cortesía básicas deste tipo de textos.

Contidos

Actividades

Estratexias de comprensión

Coñecer e aplicar estratexias adecuadas para elaborar textos escritos breves e de estrutura simple, p. ex. copiando formatos, fórmulas e modelos convencionais propios de cada tipo de texto.

Estratexias de comprensión

